<ul style="list-style-type: none"> • Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade. • Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións. • Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural. • Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas. • Valoración do esforzo e o traballo ben executados desde o punto de vista motor como base para a propia superación. • Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así 	<ul style="list-style-type: none"> • Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. • Adapta as habilidades motrices básicas a diferentes tipos de actividades axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes. • Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. • Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. • Realiza e propón actividades físicas e xogos.

<p>como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.</p>	
BLOQUE 5: ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE	
<ul style="list-style-type: none"> • Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio). • Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...) • Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde. • Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións. • Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico. • Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos. • Valoración da actividade física como factor esencial no mentemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ten interese por mellorar as capacidades físicas e recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico. • Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos, etc.) e adopta e promove hábitos posturais axeitados. • Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática valorando a súa función preventiva. • Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. • Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria. • Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. • Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.
BLOQUE 6: OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS	
<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado das estratexias básica dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. • Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo. • O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente. • Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas. • Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos, ...) para adaptalas ás necesidades do grupo. • Uso adecuado de estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. • Realiza combinación de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a unas parámetros espazo-temporais. • Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. • Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes. • Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. • Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. • Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e oposición. • Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da Natureza.
3º TRIMESTRE	

CONTIDOS	ESTANDARES
BLOQUE 1:CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA	
<ul style="list-style-type: none"> • Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos demais. • Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. • Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. • Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e ao medio. • Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información relacionada coa área. • Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. • Implicación en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferencias individuais no nivel de habilidade. • Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación Física. • O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. • Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas. • Identificación e respecto, ao realizar saídas fora do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e aos ciclistas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. • Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. • Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. • Demostra un nivel de autoconfianza adecuada ás súas capacidades. • Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer información. • Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación. • Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. • Participa activamente nas actividades buscando unha mellora na competencia motriz. • Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. • Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. • Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. • Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultados das competicións con deportividade. • Recoñece e respecta as normas de educación viaria.
BLOQUE 2: O CORPO IMAXE E PERCEPCIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> • Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vivente. • Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas. • Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito. 	<ul style="list-style-type: none"> • Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz dentro da clase. • Toma conciencia das exixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
BLOQUE 3: HABILIDADES MOTRICES	
<ul style="list-style-type: none"> • Adaptación da execución das habilidades motrices a situación de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade. • Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións. • Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezcan toma de decisión, con seguridade e autonomía. • Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción. • Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a 	<ul style="list-style-type: none"> • Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. • Adapta as habilidades motrices básicas a diferentes tipos de actividades axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes. • Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. • Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.

<p>influencia da condición física na mellora destas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais. • Valoración do propio esforzó e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación. • Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza e propón actividades físicas e xogos.
--	---

BLOQUE 4: ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

<ul style="list-style-type: none"> • O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal. • Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo). • Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento. • Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos, ... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas. • Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico-expresivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Representa personaxes, sentimentos e expresa de forma creativa movementos. • Coñece bailes e danzas representativas da cultura galega. • Leva a cabo interaccións cos compañeiros utilizando os recursos expresivos do corpo. • Recoñece a importancia no desenvolvemento das capacidades físicas das actividades artístico-expresivas.
--	--

BLOQUE 5: ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

<ul style="list-style-type: none"> • Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio). • Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...) • Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións. • Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os perxudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias. • Ten interese por mellorar as capacidades físicas. • Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos, etc.). • Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para a saúde. • Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria en distintas intensidades de esforzo. • Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. • Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva. • Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas, orientadas á saúde. • Adapta a intensidade do seu esforzó ao tempo de duración da actividade.
--	--

BLOQUE 6: OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none">• Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.• Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo.• O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente.• Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.• Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos, ...) para adaptalas ás necesidades do grupo.• Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación.• Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia.• Iniciación ao deporte de orientación.• Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia.• Coñecemento, goce, coidado e valoración danatureza. | <ul style="list-style-type: none">• Resolve situacións básicas de táctica individual e colectiva.• Realiza combinacións de habilidades motrices básicas.• Diferencia entre xogos populares, deportes individuais, colectivos e actividades na natureza.• Recoñece os deportes tradicionais de Galicia como riqueza cultural e os realiza respectando os principios e regras específicas.• Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.• Recoñece a importancia das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.• Distingue nos xogos e deportes estratexias de cooperación e de oposición.• Utiliza os espazos naturais con respecto e responsabilidade. |
|---|--|

Mínimos esixibles:

O/A alumno/a acadará os mínimos esixibles na área de Educación Física se acada unha cualificación positiva (5 ou superior) atendendo aos criterios de cualificación sinalados

6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe e está integrada dentro do mesmo. Enténdese a avaliación como un proceso continuo que intenta detectar tanto os obxectivos conseguidos como as dificultades e deficiencias existentes e que impiden o logro dos obxectivos.

Entón, si entendemos avaliar como un elemento de axuda no proceso formativo e educativo do alumnado, avaliaranse tanto os aspectos motores como os cognitivos e actitudinais.

Os instrumentos utilizados serán tanto obxectivos a través da aplicación de tests ou probas cuantificables (Baterías de tests físicos e probas escritas nas que se tratará de medir os coñecementos adquiridos polo alumnado, traballos de investigación...), como subxectivos (guías de observación sistemática tanto a nivel actitudinal como físico).

Rexistro de acontecementos: é unha técnica cualitativa de apreciación que consiste en rexistrar dun xeito sinxelo aqueles aspectos destacables que observemos na aula, ximnasio ou patio, sen ningún criterio preestablecido máis que os obxectivos propios da sesión de traballo.

Reflexións do alumnado: van a ser reflexións individuais ou grupais que plantexa o profesor ao inicio ou ao remate de cada sesión e que serán formuladas mediante preguntas cortas,

Unha programación pode ser algo illado ou un proxecto común co resto dos profesores. Nesta área favorecerase a coordinación tanto a nivel dos grupos de clase coma dos interniveis tendo como base o PEC e o PCC para levar a cabo determinadas metas educativas (interdisciplinabilidade).

Na área de Educación Física son varios os modelos metodolóxicos existentes. Isto non quere dicir que uns desacrediten ós outros. A eficacia vén dada polo uso que fagamos de eles, é dicir, dependen de cómo, cándo, para qué e para quen son utilizados. Neste sentido haberá que ter en conta tamén que calquera actividade ao longo do seu desenvolvemento progresivo pode abordarse con un ou varios métodos.

A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes co nivel evolutivo e madurativo do alumnado.

Partirase de estilos de ensino que favorezcan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e os alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.

Non podemos descartar outros estilos de ensino como a instrución directa, este método proporciona ao alumno a solución a un problema plantexado, concretando como debe realizar o exercicio, é dicir, proporciona modelos xa construídos que o que buscan é conquistar un rápido rendimento na aprendizaxe do alumno/a.

O xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizarse para gran parte dos contidos que se traten aproveitando a idoneidade deste para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural e pode ser multidisciplinar. O desenvolvemento de xogos ou de actividades cooperativa (no posible) favorecerá a adquisición de multitude de valores e competencias básicas que nos desvelen aspectos traballados. Deste xeito non só observamos os aspectos motrices senón tamén dos ámbitos cognitivos e socio-afectivos.

Tamén terase en conta a autoavaliación do alumno.

Realizaranse 3 avaliacións: a primeira en setembro (avaliación diagnóstica), outra no final do 1º e 2º trimestre (avaliación continua), e outra a final de curso (formativa e final).

7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

Os estilos de ensino empregados son:

- Mando Directo
- Descubrimento Guiado
- Asignación de tarefas.
- Resolución de Problemas.
- Microensinanza
- Libre Exploración

Se ben normalmente nunha mesma sesión se utilizarán máis de un en función dos contidos a desenvolver e os obxectivos a acadar. No posible a tendencia serán os métodos non directivos (Descubrimento guiado e Resolución de problemas) porque desenvolven as capacidades dos alumnos dun xeito máis libre, completo, creativo, diverxente e estimulador do pensamento, da reflexión e da decisión, así como da acción motriz. Non obstante os métodos directivos tamén teñen a súa conveniencia, oportunidade, e eficacia nas aprendizaxes máis predeterminadas, técnicas, posturais ou de prevención de saúde (Por exemplo: non podemos aventurar aprendizaxes nas que o alumno incurra nunha acción que pode poñer a súa saúde en risco como hábitos posturais, transportes etc. Neste caso o modelo referencial é moi importante)

As ideas de Globalidade, Individualización e Actividade, marcarán o carácter da metodoloxía na Educación Física.

A idea de Globalidade marcará unha dobre vertente:

- Horizontal: En canto que os bloques de contidos están estreitamente relacionados uns cos outros e en correcta progresión. Ademais tamén hai unha globalidade horizontal co resto das áreas, xa que todas elas apuntan cara un obxectivo: “a formación integral da persoa”. Non obstante é verdade que o maior vínculo está coas áreas de Ciencias Naturais, Sociais e Educación Artística....
- Vertical: Porque existe unha verdadeira progresión planificada dos contidos da área, que vai dende a Educación Infantil ata a Primaria Obrigatoria, e que está feita en función da madurez evolutiva, física, biolóxica e psíquica dos rapaces e rapazas.

A idea de Individualización estará marcada porque en todo momento se partirá das características de cada alumno/a e das necesidades que éstos teñan en cada momento, nun intento de que, por un lado, a aprendizaxe sexa significativa, e, por outro lado, se plasme realmente nunha atención á diversidade.

A idea de Actividade plasmarase na actividade do alumnado e non no activismo dos mestres. Serán os nenos e nenas os que, a través dos exercicios e actividades plantexadas descubran e alcancen os obxectivos marcados.

Finalmente prestaremos especial atención á eliminación das diferenzas sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de facer real o principio da “coeducación”.

Estruturación das sesións: A duración de cada sesión será de 90 minutos para 4º, 5º e 6º. Unha sesión semanal debido a adaptación á realidade Covid, para unha mellor organización e aproveitamento dos tempos e recursos, así como para a hixienización e ventilación dos espazos e materiais.

En 1º, 2º e 3º levaranse a cabo dúas sesións semanais de 45 minutos polas características deste alumnado e debido a experiencia do curso anterior podendo rentabilizan os tempos de hixienización.

Parte inicial: (15/10 minutos) consta de 2 partes, unha organizativa e outra práctica:

Organizativa: Hixiene de mans, como indica o protocolo actual. Recibimento e observación do grupo (listado, comprobación das incidencias que podan incidir na clase: material, indumentaria, bolsas de aseo); presentación do traballo a desenvolver.

Posta en acción ou quecemento: Preparación de todo o organismo, a nivel psicolóxico e físico, activando de forma suave, progresiva e global os sistemas muscular e cardio-respiratorio.

Parte principal: (60/25 minutos). É a máis importante, levando a cabo as tarefas que desenvolven os obxectivos principais da sesión. Os contidos axeitadamente planificados, cun criterio válido de ordenación para que o traballo sexa eficaz e conforme ao proxecto curricular do centro.

Parte final: (15/10 minutos)

Volta á calma: Actividades de relaxación (masaxes/automasaxes, estiramientos, respiracións, xogos sensoriais con escasa ou nula actividade motriz)

Aseo e hixiene persoal por grupos colaborativos dentro do grupo estable.

Despedida.

A organización do grupo será en función das actividades propostas. Os agrupamentos máis usuais serán o seguintes:

- ✓ Gran grupo
- ✓ Grupo medio
- ✓ Grupo pequeno
- ✓ Parellas
- ✓ Individuais

Respectando as normas indicadas de seguridade e distancia en relación ás circunstancias sanitarias.

Todo isto, en función do número de alumnos, o espazo dispoñible, as disposicións dos materiais e obxectivo da sesión que desenvolvamos, entre outros aspectos.

A fase formativa de varias unidades didácticas completárase coa participación nas mesmas dos adestradores e deportistas dos distintos clubs deportivos se a situación sanitaria así o permitise.

Esta programación establécese tendo en conta a posibilidade dun confinamento tanto parcial (dunha pequena parte do alumnado dos grupos de convivencia) como total (todo o alumnado existente no grupo de convivencia). Para tales situacións de **ensino non presencial** establécese as seguintes medidas:

- ✓ Elaboraremos una serie de propostas semanais que publicaremos na plataforma **aula na casa** ordenadas por niveis nas que se ofertan actividades sobre todo que permitan e faciliten un repaso e reforzo do traballado nas semanas previas. No caso da área de Educación Física, en coordinación co titor ou titores correspondentes. De alongarse no tempo o confinamento e facerse necesario avanzar en contidos servirémonos de imaxes, vídeos, tutoriais, conexións vía webdex,..que axuden á comprensión e realización adecuada das novas propostas.
- ✓ Establecemos así un novo concepto “**aula na casa**”, específica para tempos de educación non presencial ou semipresencial, do xeito determinado no apartado anterior. Agora a aula virtual pasa a ser unha ferramenta educativa de uso habitual, para tarefas académicas ordinarias.
- ✓ As actividades serán lúdicas, activas e con marcado carácter competencial que permitan desenvolver as capacidades do alumno na área de E.F. Seguirán as mesmas directrices e pautas traballadas con anterioridade para que poidan ser desenvolvidas polo alumnado coa maior autonomía e sen maior dificultade.
- ✓ En canto aos materiais necesarios para levar a cabo as propostas primarán os que poidan ser de fácil acceso para as familias ou de uso habitual nos fogares. Polo tanto o esforzo de adaptación dos recursos, materiais e espazos recae no mestre de E.F para a proposta didáctica das sesións e U.Didácticas. No caso, tamén poderán elaborar materiais a través de indicacións sinxelas apoiadas en imaxes (gráficos, debuxos, tutoriais).
- ✓ Establécese como principais canles de comunicación o correo electrónico, a aplicación Abalar, conexións vía webdex e chamadas telefónicas para asegurar un feedback entre familia e escola, compartir o resultado das súas experiencias, a consulta de dúbidas ou necesidades por parte do alumnado, manter e fortalecer os vínculos entre compañeiros/as e coa mestra ou para diferentes actividades que estimulen a aprendizaxe do alumnado e a adquisición de novos contidos.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Terase en conta especialmente neste curso 2021-22 a hixienización do material ao finalizar cada sesión.

- Construído polos propios alumnos/as (zancos, indiacas, bilardas, botellas lastradas...) e outros materiais necesarios para os xogos e deportes alternativos e tradicionais.
- Material alternativo: que aínda que non foran creados para o desenvolvemento das actividades físico-deportivas, sí que son útiles para a práctica das mesmas. A modo de exemplo: cadeiras ou mesas do colexio, cordas de distintos tipos, teas, bolsas de diversos materiais, sacos, distintos tipos de envases, gomas, radio-cd, chapas, botellas lastradas, paus, etc).
- De desfeito (materiais reciclables): cartóns, caixas de cartón, botellas de plástico, xornais, pneumáticos. latas, xornais, papel de aluminio, tetra-bricks..
- Convencional de EF: malabares, zancos, sticks, paracaídas, pás de plástico ou madeira, aros, picas, cordas, pelotas saltarinas, petos, porterías, redes, conos/ medias lúas/ chinos, balados transportables, balóns e pelotas de espuma, de minibasket, de minibalonmán, de fútbol, de voleibol, de tenis, bolas de unihockey, canicas, discos voadores, indiacas, raquetas de ping-pong, de bádminton, volantes, globos, banastas, redes portabalóns, bates de béisbol, bancos suecos, canastas, quitamedos, colchonetas, cronómetro, esterillas, espaldeiras, pelotas xigantes, potro, plintos, barra de equilibrio, saltómetros, postes de voleibol e bádminton, alturómetro, etc.
- Material convencional usado de forma non convencional: as posibilidades son amplas. Tratarase de dar ao material un uso distinto para o que está feito: usar os caixóns do plinto para saltalos e pasar entre eles, utilizar varios pupitres para facer un túnel e pasar por debaixo, raquetas para transportes, pelotas para equilibrios, cordas para forza ou xogos de iniciación á escalada,...
- Materiais tecnolóxicos diversos: incluímos os medios audiovisuais e informáticos. Dentro dos informáticos existe unha base de datos de xogos que utilizaremos en ocasións puntuais na aula de informática do centro , así coma a pescuda en internet de información e a posibilidade de intercambio con outros centros de distintas experiencias.

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos engadiráselles unha cualificación numérica nunha escala de un a dez coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresainte: 9 ou 10.

Para recuperar as avaliacións suspensas, ao ser unha valoración continua do traballo, o alumno/a poderá superalas co aprobado nas sucesivas avaliacións e demostrando un cambio positivo en todos os aspectos avaliábeis.

Os criterios de cualificación serán os seguintes, en relación a 2 evidencias de cualificación:

▪ **Logro académico global** (70% da cualificación final):

- ✓ Aspecto cognitivo (Comprensión e asimilación de contidos): 20%. (Pode incluír tamén a realización puntual de traballos escritos ou de investigación relacionados coa área)
- ✓ Aspecto motriz (Realización e execución das actividades e xogos): 50%.
Parte práctica sobre os contidos traballados nas U.D.

▪ **Convivencia, compromiso educativo e actitude social** (30%): Este apartado englobará variables como:

- ✓ Respecto ás explicacións e indicacións do profesor.
- ✓ Respecto aos seus compañeiros e compañeiras.
- ✓ Actitude ante os exercicios e xogos (esfuerzo, comportamento, respecto das normas, cooperación, compromiso e implicación nas actividades dos proxectos, empatía, xenerosidade, compañerismo, responsabilidade, aceptación dos resultados,...)
- ✓ Hábitos hixiénicos.

✓ Coidado do material e das instalacións...

(A non participación nas sesións por non traer a indumentaria axeitada ou o material de aseo, sen unha causa médica que o xustifique, ou doutro tipo de especial relevancia, considerarase como actitude negativa. Non obstante dende a comprensión do esquecemento moi puntual e non repetitivo)

Mínimos esixibles:

O/A alumno/a acadará os mínimos esixibles na área de Educación Física se acada unha cualificación positiva (5 ou superior) atendendo aos criterios de cualificación sinalados

Promoción

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos mínimos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa. A non promoción considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.

Criterios de promoción individualizada en primaria:

Tendo en conta que a finalidade fundamental da educación escolar é que o alumno desenvolva as competencias básicas, cada alumno necesitará pois dun estudo individualizado e cualitativo de acordo cos factores académicos, sociais e familiares, de carácter, de capacidade, de interese, de motivación, etc. En consecuencia, nos casos difíciles e conflitivos, poderanse arbitrar adaptacións curriculares que permitan resolver estas dificultades tanto se se decide a promoción do alumno coma se non. Segundo estas premisas o titor, ao final de cada curso e axudado polo resto do equipo docente, propondrá na avaliación de cada alumno as seguintes posibilidades:

1. Que o alumno acade a cualificación positiva en todas as áreas. Neste caso promociona

de curso ou etapa.

2. Que o alumno xa teña repetido unha vez na etapa polo que non pode repetir máis. Neste caso promocionará de curso ou etapa por imperativo legal.
3. Que o alumno non acade a avaliación positiva en todas as áreas. Neste caso considerarase a conveniencia de que o alumno promocione ou non ao curso ou etapa seguinte, a partires da análise dos seguintes aspectos:
 - a. Valoración do progreso en cada unha das áreas. O carácter global da avaliación na Educación Primaria, permite que o profesorado poida adoptar medidas de promoción valorando o distinto peso formativo que poidan ter as distintas áreas. Pode darse o caso de que determinados alumnos promocionen con avaliación negativa nunha ou varias áreas. Con todo, convén matizar nestes casos as carencias específicas.
 - b. A conveniencia de permanecer nun curso determinado para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas, especialmente polo que se refire aos primeiros cursos, no que o alumno vai a aprender as técnicas instrumentais que lle serán imprescindibles para progresar nos seguintes.
 - c. As repercusións, positivas ou negativas, que o cambio de grupo pode ter sobre o alumno, segundo o seu grao de integración, carácter e personalidade...
 - d. A conduta do alumno e a influencia que puidera ter a mesma no seu grupo se promociona, ou no grupo novo se non o fai.
 - e. A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades.
 - f. A opinión de pais ou titores legais, que serán informados e escoitados previamente das medidas que se tomen.
 - g. A consulta ao Departamento de Orientación do Centro nos casos que proceda.
 - h. Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna.

A decisión de repetición de curso será consensuada co equipo docente e co departamento de orientación e estará supedita a unha avaliación criterial de estándares mínimos a superar que estará reflexada na PXA en cada curso académico.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación dos alumnos realizarase de forma continua e global en base ao punto de partida, sendo o referente os obxectivos e os estándares de aprendizaxe. Valoraranse as aprendizaxes que o alumnado realice a través das actividades propostas na aula, o grado de madurez e desenvolvemento persoal adquirido, e a adquisición das competencias clave para a etapa da Educación Primaria.

O proceso de ensino-aprendizaxe ten como obxectivo que cada alumno acade a máxima puntuación nas diferentes avaliacións. A non consecución deste obxectivo obriga a revisar o proceso e a establecer propostas de mellora. A opinión das persoas que interveñen neste proceso é importante para proceder a revisar procedementos e instrumentos que non estean resultando eficaces. Solicitarase a opinión dos intervinientes no proceso para avaliar os diferentes aspectos que interveñen e terase en conta a opinión para reconducir a situación no caso que fora preciso

Explicación axustada ao nivel cognitivo e madurativo do alumnado.	
Metodoloxía axeitada ás aprendizaxes.	
Materiais e recursos oportunos para a consecución das aprendizaxes e obxectivos.	
Progresión axustada nos xogos, actividades.	
Progresión acertada entre sesións.	
Progresión e sucesión efectiva entre as U.D.	
Procedementos para a motivación dos alumnos de xeito grupal e individual.	
Estratexias para a adquisición de contidos.	

Reforzos e adaptacións curriculares.	
Selección e aproveitamento dos espazos.	
Distribución dos tempos.	

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel aproximado do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través da avaliación inicial en EF, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área, se non só aqueles que sexan máis relevantes e así poder formarme unha idea rápida e global do punto de partida.

En EF a variabilidade de contidos a tratar é enorme: habilidades motrices básicas, expresión corporal, equilibrio, coordinación, lateralidade, capacidades físicas básicas, xogos populares e tradicionais, actividades na natureza, ambiente de cooperación, autonomía, respecto ao materia, etc.

Destes contidos poño especial enfase na autonomía, o nivel de habilidades motrices básicas, o equilibrio, a lateralidade e a expresión corporal. Por tanto, as probas para a avaliación inicial son:

- O test de coordinación motriz 3JS: a través de este test, un circuito, se valora salto, xiro, lanzamento, golpeo, carreira, bote e conducción.
- Circuito de equilibrio con seis zonas de menor a maior dificultade (bancos suecos, bancos suecos invertidos, ladrillos, zancos, colchonetas, quitamedos, balóns medicinais e balancín)
- Unha proba de lateralidade óculo-manual e óculo-pé (transportes, lanzamentos e golpesos)
- Unha proba de expresión corporal (baile sobre un quitamedos durante 15 ou 30 segundos, o resto teñen que imitar) criterios a seguir:
 1. O alumno/a non quere subir
 2. Sube pero non baila
 3. Sube e baila timidamente
 4. Sube e baila de forma correcta
 5. Sube e baila de forma notoria
- Un ambiente de aprendizaxe onde, por grupos teñen que realizar actividade física de forma autónoma e sen indicacións, en función do material existente.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Partiremos da avaliación inicial que permite detectar os coñecementos previos para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben desenvolver. No centro temos un grupo grande de alumnos hipoacúsicos/ xordos, que reciben apoio de distintos especialistas segundo as súas dificultades e posibilidades: mestres de audición e linguaxe, pedagogía terapéutica...

Aparecen alumnos cun ritmo de realización máis lento que reforzaremos co apoio doutro compañeiro, creación na aula dun clima onde non teman expresar as súas dificultades, con actividades de reforzo e cun coñecemento dos resultados máis constante; e outros cun ritmo máis rápido, que realizarán actividades de ampliación, invitándoos a que eles decidan en qué campo desexan afondar e de apoio a outros.

Para favorecer a integración e axudar aos alumnos a poñerse no lugar dos outros en relación a dificultades, deficiencias que poidan ter, elaborouse unha serie de actividades que pretenden desenvolver os catro principios para favorecer a sensibilización ante alumnos con necesidades educativas especiais (NEE) e a todos en xeral:

- a. Sensibilización: tomar conciencia, poñerse nas circunstancias dun compañeiro con discapacidade ou dificultades é básico para unha boa integración.
- b. Capacidade: centrarse nas súas potencialidades, non nas súas discapacidades ou dificultades. Sacar o máximo proveito das súas capacidades.
- c. Acción: que participe, non con roles pasivos (suxeitar o pano) necesita actividade física tanto ou máis que os demais. No caso dunha característica ou enfermidade (diabete, asma etc), axustar a actividade física a ésta.
- d. Compensación: igualando desvantaxes, introducir regras compensatorias.

Para iso utilizaranse unhas estratexias metodolóxicas baseadas en:

- xogos motores,
- xogos sensoriais,
- xogos sensibilizadores,
- xogos cooperativos,
- xogos competitivos,
- xogos adaptados...

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A medida que avance o curso e en función das necesidades educativas que aparezan e as posibilidades que teñamos, proporanse algunhas actividades que completen o programa (referímonos a todo tipo de actividades extraescolares, excursións, actividades en contornos naturais, traballos de investigación, actividades deportivas novas e alternativas...). Todo isto pode alterar a execución das distintas unidades didácticas.

Debido a situación sanitaria na que nos atopamos este curso, as Actividades Complementarias e Extraescolares realizarémolas a nivel de aula. Cada clase participará de forma individual en cada unha das diferentes actividades que se propoñan. Cando sexa posible, organizarase para que cada grupo-clase particularmente, poida observar o proxecto común final.

Este ano académico, as saídas quedan pendentes dunha mellora na situación actual do noso país. Non obstante, de non poder realizar ningunha saída durante o curso tentaremos realizar algunha actividade no centro a nivel aula, para que os nenos e nenas poidan gozar de actividades culturais/deportivas. Así como visitas virtuais a actividades deportivo-culturais (charlas, demostracións, eventos...)

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Pártese dunha concepción da avaliación como un elemento formativo e continuo, como parte inherente do propio proceso de ensino-aprendizaxe (D. 105/2014 do 4 de setembro).

Os procedementos son do máis variados en función dos contidos e obxectivos a avaliar, pero fundamentalmente trátase da observación directa ou de producións do alumnado, comprobando que os obxectivos para a que foi deseñada foron acadados.

Completaranse estas observacións con outro tipo de instrumentos como os cuestionarios, que son unha parte fundamental desta avaliación e que realizará o alumnado despois de rematar cada trimestre, o que supón unha fonte de reflexión e información moi valiosa para o deseño da práctica.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso ao rematar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Así mesmo, en cada sesión trimestral avaliativa realizarase unha avaliación conxunta do profesorado.

De igual xeito, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto que poderase realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte rexistro.

ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR	O QUE HAI QUE DESTACAR...	O QUE HAI QUE MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			

Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Uso social das aprendizaxes			
Porcentaxe de alumnado que consegue o desenvolvemento básico das competencias clave da			
Unidade			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Colaboración das familias			

